

cooperación pobo a pobo



75

revista periódica · xuño 2021

**A PANDEMIA REVELA UNHA CRISE SISTEMÁTICA GLOBAL**  
**VIVIR SEN MEDO**  
**UNHA VIAXE ZAPATISTA POLA VIDA**

# SUMARIO

- 3 A pandemia revela unha crise sistémica a nivel global
- 6 Vivir Sen Medo. Comunicación feminista para transformar imaxinarios en Perú



- 8 Era urxente e é o mínimo a despenalización do aborto por violación en Ecuador
- 10 Transición enerxética e colonialismo. Punto de vista dende o norte de África
- 12 Reducir o impacto das instalacións renovables
- 14 Unha viaxe... pola vida
- 16 Guía didáctica 'Emerxencia climática'
- 18 'A Rede da Vida'. Historias de resistencia en defensa dos nosos corpos e territorios
- 19 Quen matou a Berta Cáceres?

É unha era de redefinicións urxentes. É un momento, como di Maristella Svampa, de liberación cognitiva, que nos leva a superar o desconcerto e a inmovilidade, para ousadamente pensar que aquilo que desexábase

As economías do Sur ocupan unha posición subordinada dentro da división profundamente inxusta do traballo global: por unha parte son proveedoras de recursos naturais baratos e son unha reserva de man de obra barata, por outra proporcionan un mercado ás economías industrializadas

'Quen matou a Berta Cáceres?' segue a vida e a morte dunha defensora do medio ambiente que contribuíu á reactivación dos movementos sociais de Honduras

EDITA  
Entrepobos · Asociación declarada  
de utilidade pública UP-78093-SD  
DESEÑO E MAQUETACIÓN  
Esteva&Estévao

DEPÓSITO LEGAL  
B-21094-89  
Entrepobos non se identifica  
necesariamente coas opinións  
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA  
Adeus do escuadrón 421  
Luis Suaste – Regeneracion Radio



**AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS  
ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE** Boletín de suscripción na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria  
con **AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA**



# A pandemia revela unha crise sistémica a nivel global

Alternativas dende os  
movementos sociais  
en América Latina

Virginia Vargas

Programa Democracia y Transformación Global (PDTG), Perú



*Estamos diante da primeira pandemia realmente global, que deixa á vista as enormes carencias, supremacías, desigualdades dun mundo globalizado con hexemonía capitalista, patriarcal e colonial*

É case un consenso asumir que estamos fronte a unha crise paradigmática, máis exactamente, crise dun Marco Civilizatorio, con prioridade do paradigma do mercado, a especulación, o avance invasivo sobre corpos, terras, territorios, sustentada nunha cultura de individualismo crecente, que marca os horizontes e alternativas da sociedade. A pandemia acentuou a encrucillada da civilización que enfrontamos, deixando espida a tremenda disputa entre un modelo económico depredador e, nada menos, que a sostibilidade da vida. O que nos coloca nun momento de “interregno”, do que falaba Gramsci:<sup>1</sup> cando o antigo está en crise, xa non convence, xa non responde as preguntas, necesidades e desexos vitais... e o novo aínda non se posiciona, aínda está en proceso de atopar as súas canles de acción e as súas coordenadas de reflexión. Polo mesmo, é tamén unha crise epistémica, de desorientación cognitiva, que pon a necesidade de avanzar cara a un novo horizonte de sentido histórico que constrúa condicións para vidas que merezan ser vividas.

Esta crise tamén arrastra a institucionalidade global, rexional e nacional. As Nacións Unidas están tremendamente debilitadas, o multilateralismo, tan importante en experiencias como a pandemia, está profundamente esgazado, coa perda crecente da hexemonía norteamericana. En América Latina, o sistema interamericano, incluíndo a OEA, perdeu a súa relevancia, instancias máis democráticas como UNASUR deron paso a novos arranxos xeopolíticos, como

ProSur, moito máis conservadores e inefectivos. Todo isto acompañado dun aumento da debilidade da democracia, cooptada polos poderes económicos (que aumentaron exponencialmente as súas ganancias en pandemia, a costa da vida de millóns de persoas). E o rexurdimento de tendencias non só conservadoras, senón claramente fascistas. A desigualdade, o autoritarismo, o desprezo pola vida de outrxs, ademais do forte racismo preexistente, vemos como xorde un *racismo ambiental*- que define quen son os máis infectados, quen son os que máis morren. Brasil é o caso máis escandaloso: o *exterminio viral* de indíxenas e negros. Esta experiencia pon o fascismo e o racismo no centro da nosa reflexión

Polo mesmo, **é unha era de redefinicións urxentes. É un momento, como di Maristella Svampa (2020),<sup>2</sup> de liberación cognitiva, que nos leva a superar o desconcerto e a inmovilidade, para ousadamente pensar que aquilo que desexábamos, pero víamos aínda lonxe ou inviable, ou simplemente inimaxinable, hoxe comeza a ter aires de realidade... ao abrirse outras dimensións para a acción e outros horizontes de transformación.** E as posibilidades non son moitas: Ou volvemos á “normalidade” que produciu estes desastres no mundo, ou apostamos por profundizar nun cambio de paradigma – dende unha nova matriz ecosocial, anticapitalista, antipatriarcal, de xustiza ambiental, social, sexual, étnico racial— Esta é a alternativa á que aspiran e pola que apostan os movementos sociais e as resistencias do Sur global.





### EXPRESIÓN PREFIGURATIVA QUE AUGURAN OUTROS HORIZONTES DE XUSTIZA E DEMOCRACIA

As dúas décadas transcorridas no novo milenio, especialmente a segunda, viviron unha onda global de movementos e revoltas. As dinámicas actuais que foron impulsando os movementos ecolóxicos, indíxenas, urbano populares, afrolatinos, LGBTTI, xuventude, estudantes, así como os feminismos na súa enorme diversidade, ofrécennos outras aprendizaxes, abrindo un horizonte de posibilidades, sustentados nas resistencias cotiás e a incidencia pública.

Os movementos en América Latina trouxeron non só a novidade de incidir na transformación de espazos e dimensións antes non colocadas, como a vida cotiá, o racismo, a diversidade sexual en toda a complexidade. Despregaron tamén formas de organización e articulación diversas e actuais. Como afirma Jeffrey Pleyers,<sup>3</sup> resistindo as xerarquías, impulsando horizontalidade, liderados diluídos, non aferrados, estruturas máis ben laxas, formas de organización coxuntural, en rede, ofrecendo novos fluxos de información, facilitando contacto directo entre activistas, no país, na rexión e a nivel global. Xurdiron outras formas de estar en movemento, facilitando e inaugurando intercambios entre as redes, as organizacións urbanas e rurais, as académicas, os diálogos interculturais, a nivel dos países, das rexións e a nivel global. Nalgúns países houbo logros importantes, como en Perú onde en plena pandemia acadouse a sinatura do Convenio 189, sobre os dereitos das traballadoras do fogar, que perderan masivamente os seus empregos. Conseguiuise tamén a aprobación da lei de paridade e alternancia nas listas parlamentarias e nas instancias electorais en xeral. Varias destas dinámicas teñen historia de resistencia das mulleres en moitos dos países da rexión, pero eran impensables inicialmente en pandemia,

nun momento de case inmovilismo, profundizaron e/ou provocaron a xeración dun tecido colectivo comunitario que articula formas de solidariedade e resistencia en e dende os territorios, especialmente naqueles espazos onde xeralmente o Estado non chega, ou chega mal.

Nestes procesos, algúns autores<sup>4</sup> sinalan a importancia que adquire a defensa da autonomía, tanto en relación coa independencia dos partidos políticos e gobernos, preservando espazos de decisión propios, como tamén para reproducir as súas propias condicións de vida e avanzar loitas e resistencias cara a transformación máis alá do estatal. Hai unha reivindicación do plebeo, da cultura popular, das identidades indíxenas, dos feminismos plurais, de Abya Yala, despregando unha crítica firme á cultura dominante e recuperando e afirmando as propias culturas e cosmovisións. Son loitas múltiples, algunhas delas, como as feministas, tan masivas como nunca se tiña visto; con experiencias de comunicación horizontal, de liderados compartidos e xeralizados, non únicos. E, máis e máis, asumindo a urxencia da interconexión.

Todo isto está tendo nidos impactos nas subxectividade, tamén en maneiras novas de articulación. Ata antes da pandemia, a rúa era o lugar privilexiado da protesta. Co peche traído pola corentena, moitas das conexións anteriores perderon forza, algunhas organizacións reduciron as súas accións, Desapareceron moitas das dinámicas de loita e organización previas, pero outras alimentan procesos

de apertura e xeitos diversos de organización, dende un sinfin de iniciativas. Estendéronse accións concretas en cada un dos barrios a través de comedores comunitarios, comedores populares ou distribución de alimentos, atención ás persoas maiores. Son actividades de coidado solidario, xerando un espazo de contención emocional, de creatividade, de resistencia e de desobediencia. Xurdiron tamén iniciativas amplas de solidariedade entre movementos. Por exemplo, en Brasil o Movemento Sen Terra, cunha forte organización feminista no seu interior, fai acopio de toneladas de alimentos e distribúeas para os comedores comunitarios. Móntanse tamén feiras itinerantes con aqueles produtos que non teñen saída nos mercados. Pero tamén a rúa seguiu a ser escenario, de máis e máis experiencias de loita, pola democracia, contra o racismo, polos dereitos sexuais e reprodutivos e o aborto, pola violencia cara as mulleres, pola democracia nos países, contra a criminalización das protestas, pola democratización urxente dos sistemas de saúde, educación, etc. **Todo iso acompañando e impulsando outra subxectividade: a indignación pola tremenda inxustiza social, económica, política, física, virtual, que evidenciou a pandemia, que deixou ao descuberto a maneira escandalosa en que se produciu a tremenda desigualdade. Se ben todas estas dimensións foron parte das axendas de loita previas, na pandemia miráronse atacadas ou debilitadas ou amosando toda a súa escandalosa desigualdade.**

Unha característica importante é a territorialidade das loitas, que aparece hoxe como elemento constitutivo da acción dos movementos sociais. O territorio convértese no espazo de resistencia, en ámbito de creación de novas relacións sociais e de recoñecemento de novas presenzas e realidades pluriculturais e multiét-





Folga xeral en Colombia: entrada en Cali da Garda Indixena do Cauca

nicas. E, se ben estes xiros expresan a énfase no local-nacional, é importante considerar que o global e o local non son mutuamente excluíntes. O territorial é o espazo de raigame cotiá, onde se despregan prácticas sociais, de amor, de resistencias, onde se recrean experiencias innovadoras ou históricas de organizar a vida e a solidariedade.

É evidente que achegarnos a estas complexas realidades obríganos a revisar as nosas mesmas categorías de análise e estratexias de acción, porque xustamente o reto cara un futuro diferente require recuperar todos estes espazos concatenados, interseccionados, nun mundo cada vez máis diverso, pero tamén máis ameazante. As características pluriculturais e multiétnicas das nosas sociedades, a existencia doutras maneiras de coñecemento e de interrelación, a busca de intercambios interculturais democráticos, etc. empúxanos a des-hexemonizar pensamentos únicos, recuperar outros saberes e cosmovisións, que sustenten e expandan as axendas de resistencia e busca de alternativas.

Este rol preponderante que asumiu o Estado na pandemia, evidenciou a súa responsabilidade para intervir, negociar e administrar as tarefas e os recursos necesarios para acadar a superación da crise. Fixo visible a perversidade da privatización destes servizos e dereitos cidadáns que deixaron no despoxo máis absoluto a maioría da poboación dos países. Cuestionou profundamente a aspiración neoliberal dun Estado pequeno, que dá o poder aos grandes capitais e desatende totalmente a súa responsabilidade polo benestar da poboación. E amosou a enorme limitación dos estados-nación en América Latina para facerse cargo das poboacións máis distantes dos centros de poder, dos servizos e da diversidade de nacionalidades, culturas, etnias, idiomas que existen no seu territorio. E que tamén son os máis vulnerables.

Todo isto non significa que xa se estea a dar o grande cambio, pero si abre pistas que enriquecen novas subxectividades, acen-

tadas aínda máis en pandemia: a indignación pola tremenda inequidade en recursos, económicos, emocionais, de saúde, de educación, de perspectivas de vida. **A certeza de necesitarnos, de solidarizarnos para sobrevivir mellor, é comezar tamén a enxergar un novo paradigma, recuperando dimensións de interconexión que quedaran acantoadas co discurso do individualismo como central á lóxica de competitividade e egoísmo propia do capitalismo patriarcal, racista e colonial que pretende neutralizarnos.** Este é o sentido do Pacto Social, Ecolóxico, Económico e Intercultural<sup>5</sup> para América Latina, que convida a construír imaxinarios colectivos, articular formas múltiples de loitas dos máis diversos ámbitos da sociedade. 🗣️

**Notas:**

1. Gramsci, Antonio 1988, *Notas sobre Macchiavello: El Estado y la Política. Análisis de Situación y Relaciones de Fuerza.* Juan Pablos Ed. México.
2. Svampa Maristella 2020. Reflexiones para un mundo post-coronavirus. Revista Nueva Sociedad. Abril 2020
3. Pleyers, Geoffrey Movimientos sociales en el siglo XXI: perspectivas y herramientas analíticas. (2018). CLACSO – Ciudad Autónoma de Buenos Aires.
4. Massimo Modonesi e Mónica Iglesias 2016. Perspectivas teóricas para el estudio de los movimientos sociopolíticos en América Latina: ¿cambio de época o década perdida? De Raíz Diversa vol. 3, núm. 5, xaneiro-xuño. UNAM, México.
5. Esta iniciativa impulsada por un grupo de persoas e organizacións de diferentes países latinoamericanos, asume “... a urxencia de construír dinámicas sociais que sexan quen de responder e contrarrestar as dinámicas de reacomodo capitalista, concentración de riqueza e destrución de ecosistemas que vemos xurdir no medio da crise do COVID-19, e de configurar, conxuntamente cos que desexen xuntarse, un horizonte colectivo de transformación para a Nosa América que garante un futuro digno.



# Vivir Sen Medo

Comunicación feminista  
para transformar  
imaxinarios en Perú

Agustina Daguerre

Entrepobos Perú



*Cando lles preguntamos ás mulleres do norte de Lima e do interior de Cusco, cal era a principal barreira que atopaban nas súas vidas para afrontar as situacións de violencia de xénero, a pesar de situarse en dous territorios tan dispares, o “medo” apareceu omnipresente nas respostas*

**M**edo a perder os fillos, medo a non ter un teito baixo o que vivir, medo a sufrir represalias, medo á violencia sexual, a ser xulgada polo contorno, a ser revitimizada polo sistema.

Séculos de represión e dominación patriarcal lograran atravesar os corpos das mulleres con medo, unha emoción reactiva que, aínda que nos axuda a protexernos ante situacións de perigo, tamén paraliza, inmoviliza, fainos pequenas, perdendo nese mar de sensacións abafantes a nosa capacidade para romper cadeas, para dar paso a vidas novas.

“Vivir Sen Medo, é o noso dereito”, díxonos un día de novembro de 2019, a comunicadora afroperuana Sofía Carrillo, reunida con nós na sala das conspiracións de Demus, alí onde cabo do equipo de Kallpa, buscabamos había semanas un lema para unha campaña xestada entre todas para previr as violencias machistas.

Lembro que unha das preguntas que máis me interpelou, de moitos dos diálogos que tecemos nese cuarto foi: “pero, como?, que lles ofrecemos ás mulleres para que poidan vivir sen medo?” O feminismo institucional peruano gastara anos facendo incidencia política para que o Estado se fixera cargo, anos de mobilizacións, proxectos de lei, diálogos políticos, para construír unha arquitectura institucional que puidera pór freo ás violencias e ás súas múltiples expresións.

Porén, décadas despois do inicio desta travesía, 135 feminicidios, 97 926 casos de violencia e

5 521 mulleres desaparecidas só en 2 020, axúdannos a dimensionar a gravidade desta lacra. As denuncias son ínfimas en relación á incidencia de casos, só 289 de cada 1000 mulleres agredidas fisicamente acudiron a algunha institución en busca de axuda (Endes, 2019). O dato non estraña Quen quere acudir a un sistema que revitimiza, descré e mesmo culpabiliza a propia vítima?

**Vivir sen medo, tecendo redes? As respostas colectivas fronte as violencias non son estratexias novas, pero as accións dos feminismos semella non ser suficientes para chegar a aqueles distritos e comunidades onde a violencia sucede.** Lamentablemente cada espazo baleiro é ocupado a unha velocidade vertixinosa por igrexas de todo tipo coas que disputamos o sentido de palabras tan importantes como vida, familia ou comunidade.

Pode ser o feminismo/ os feminismos unha resposta real para o día a día das mulleres peruanas? Ou deixaremos que o apoio comunitario chegue traspasado por novos mandatos de submisión, fundamentalismos, control dos nosos corpos? Centos de fregueses pasan día a día ás fileiras das igrexas evanxélicas. Á fin e ao cabo, son comunidades nas que as mulleres atopan apoio e sostén en lugares onde o tecido social foi profundamente danado pola lóxica do neoliberalismo e a cegueira estatal cara os problemas que atentan contra a vida mesma.





**Tecendo redes soa ben, pero as mulleres de Acomayo, unha rexión na provincia de Cusco onde traballa Kallpa “non o entenden”, dime Eutropía Delgado, nin sequera ten unha tradución literal en quechua. Nós dicimos “Mana Manchakuspa Kawsasunchiq Kawsayninckikta awaspa”, “Vivamos sen medo, tecendo as nosas vidas”. Quedo marabillada coa potencia desta frase que transcende o sentido da proposta inicial, formulada nunha linguaxe afastada das cosmovisións andinas, máis próxima ás lóxicas do noso proxecto.**

É marzo de 2020 e, ante a miña incredulidade inicial fronte ao paciente cero peruano, dun día para outro acabamos confinadas sen entender moi ben o que está a ocorrer no país. As ás de bolboreta voaron en Wuhan a centos de miles de kilómetros, desencadeando unha das crises sanitarias máis letais que enfrontou a especie humana.

Dende esta Lima pechada a cal e canto, máis alá do medo ao contaxio, quítanos o sono imaxinar os miles de mulleres que deben convivir cos seus agresores ao longo de catro ininterrompidos meses que duraría esta primeira fase de inmovilización social obrigatoria. Diante da imposibilidade de desprazarnos aos territorios e comunidades só nos queda difundir as canles de denuncia do Centro de Emerxencia Muller, sabendo que é insuficiente, sabendo que están colapsados, que moitas atoparán teléfonos comunicando, conversacións en chats sen resposta. A sensación de impotencia é tremenda. Vivir sen medo, entretecendo as nosas vidas, soa ao mellor dos mundos posibles, agora que nos sabemos illadas, confundidas, confinadas na familia nuclear radiactiva.

Pero as mulleres non paran e, ante a estupefacción e inoperancia do Estado -que a duras penas acada anunciar a entrega de bonos sociais que tardarán aínda meses en chegar aos petos das familias-, centos de mulleres organizanse en barrios para facer fronte á fame que asola o pobo. Facendo colectas, desbordan o confinamento doméstico para cociñar en común e alimentar a familias amoreadas en casas sobre as que ondean bandeiras brancas. As mulleres da Rede de Carabayllo son o motor neste distrito de Lima Norte, elas poñen o corpo e a forza de traballo para sacar esta inmensa tarefa adiante que son as cocinas comunitarias. Mentres as clases medias e altas miran aterradas

visualizando en cada interacción unha posibilidade de contaxio, estas mulleres en barrios sacan de onde non hai para tecer solidariedade e apoio mutuo.

En novembro de 2020, 6 meses despois do inicio desta crise, decatámonos de que necesitamos ir un pouco máis alá, que temos boas ideas, pero as nosas posibilidades de facer ruído, de xerar impacto, son poucas. Falamos entre nós, predicando ás convencidas, pero o feminismo é “ideoloxía de xénero”, é “odio cara os homes disfrazado de igualdade”, é “resentimento e vinganza” en boca de “Con Mis Hijos No Te Metas” e estes perigosos movementos que emulan o Hazte oír español e que, coas súas caravanas, megáfonos e videos virais, fan dos nosos soños un cuco que ameaza a tranquilidade e paz das familias tradicionais.

“Vivir sen medo” é unha campaña que nace coa urxente necesidade de parar a violencia contra as mulleres no noso país, reza na páxina web, unha das canles que buscan dar a coñecer esta iniciativa para romper estereotipos e crenzas que sosteñen a violencia de xénero. Muller Montaña, unha canción que, da man de artistas peruanas, fai referencia ás montañas de Acomayo en Cuzco e aos cerros de Carabayllo en Lima, ao mundo andino, á migración, a esta idea que soñamos xerminar: que as mulleres xuntas podemos facer fronte a todo, que alí onde o Estado non chega as mulleres organizadas podemos parar e pór freo á violencia.

A voz de Susana Baca, cantante afroperuana, ex ministra de cultura e gañadora dun premio Grammy, retumba no meu cuarto e o meu corazón estremécese cando escoito as voces destas mulleres coreando: “Se toca a una, tócanos a todas porque espertamos, xa nunca máis soas.”

En febreiro de 2021, Muller Montaña transcende a nosa comunicación “oeneguera”, irrompe no ciberespacio en grupos de whatsapp, e reproducíase á velocidade da luz en redes sociais. Rachamos todas as expectativas de impacto ás que estamos afeitas dende a nosa humilde plataforma de difusión. Pero máis alá diso, conmove ler comentarios que sinalan que Muller Montaña é un himno, que xa era hora de ver mulleres reais e non as versións edulcoradas que a publicidade vende, que se sinten identificados con eses rostros, con eses corpos que resoan e vibran coas mensaxes de facer fronte ás violencias machistas.

Non hai dúbida de que a arte é un gran vehículo para cambiar imaxinarios, e os rostros destas potentísimas mulleres que dende Carabayllo e Cusco sosteñen a vida cada día, comen a pantalla. Renata Flores, cantante ayacuchana de 18 anos, que está revolucionando as bases da música en quechua, axudaranos posteriormente a facer unha versión nesta lingua orixinaria nun video de construción colectiva para o que recibimos dúcias de colaboracións de mulleres, dende diferentes lugares de Perú e amigas do Estado español, coreando “son muller montaña soño o que quero, o que me dá a gana”.

Esta canción constitúe, sen dúbida, un hito neste camiño que emprendemos cabo de Demus e Kallpa, a Rede de mulleres organizadas de Carabayllo e a Rede Kuskaya de mulleres de Acomayo, pero feminizando a famosísima frase do poeta César Vallejo, “aínda queda moito por facer, irmás” e as caravanas e accións feministas xa chegan aos territorios para seguir dando vida a estes procesos que se constrúen pouco a pouco, en diálogo e dende abaixo.

Segue as accións de Vivir sen Medo en <https://linktr.ee/Vivir-SinMiedo> 🗣️



# Era urxente e é o mínimo a despenalización do aborto por violación en Ecuador



Surkuna, Ecuador

*Era urxente e é o mínimo. É a consigna que as organizacións de mulleres e feministas de Ecuador lanzaron, despois de coñecer a decisión da Corte Constitucional de declarar inconstitucional a penalización do aborto por violación en Ecuador*

**E**ra urxente, porque as sobreviventes de violencia sexual en Ecuador víanse forzadas a continuar embarazos produto de violación ou a buscar métodos de aborto, que non sempre resultaban seguros, na clandestinidade. A penalización do aborto en casos de violación, impedía que buscasen axuda médica en caso de ter complicacións por abortos inseguros, o que puña en risco a súa saúde e as súas vidas.

**Era urxente, porque en Ecuador 7 nenas menores de 15 anos abortan cada día. A meirande parte destes embarazos son resultado de violencia sexual. A penalización do aborto impedía coñecer as condicións en que as nenas interrompían os seus embarazos, as secuelas dos abortos inseguros na súa saúde e na súa vida e actuar para previr que os feitos de violencia se volvan repetir.**

Era urxente, porque no 2014 a Asemblea Nacional xa nos negou a posibilidade de decidir e no 2019 volveu facelo. Xa coñeciamos a crueldade dos/das assembleístas, a crueldade do presidente, que a pesar de todos os argumentos que formuláramos e da urxencia, negouse a tomar postura e preferiu o silencio cómplice fronte á demanda das organizacións de mulleres e feministas do país.

É o mínimo, porque o dereito a decidir sobre os nosos corpos non debe estar regulado polos Estados, porque a penalización do aborto é inxusta e dolorosa para as mulleres e outras persoas con capacidade de abortar. É o mínimo, porque a loita das mulleres organizadas e do activismo feminista seguirá, ata que logremos que ningunha muller, nena, adolescente, persoa con capacidade de abortar, sexa criminalizada, torturada, privada do seu dereito á saúde e á vida. Ata que decidir deixe de ser un privilexio para algunhas e se converta nun dereito para todas.

A sentenza da Corte Constitucional que declara inconstitucional a penalización do aborto por violación en Ecuador, é histórica. A sentenza reconece que:

- A violación é un atentado á integridade física, psíquica, moral, sexual, á dignidade, intimidade, autodeterminación sexual e vida da vítima, e reconece que en determinadas ocasións, pode ser un xeito de tortura.
- A Corte reconece que os embarazos forzados, a penalización do aborto por violación, as maternidades forzadas e a negativa de brindar atención a nenas, adolescentes e mulleres poden constituír unha maneira de tortura ou trato cruel, inhumano e degradante. Xeralmente, nos casos de violencia sexual,





o vitimario utiliza a forza, ameazas, amedrentamento ou manipulación para anular o consentimento das vítimas.

- A violación sexual implica anulación do consentimento e causa distintas afectacións á saúde mental das vítimas.
- Os embarazos non desexados someten a vítimas a re vitimización, riscos para a súa saúde, trastornos emocionais e psicolóxicos, e consecuencias como a estigmatización social e familiar, que conducen ao abandono de estudos e alteración do proxecto de vida.
- A maternidade forzada atenta contra: a integridade física, síquica, moral e sexual, a autonomía e libre desenvolvemento da personalidade, os dereitos sexuais e reprodutivos, garantidos na Constitución.
- Coa despenalización evítanse sacrificios desmedidos e inxustificables para as sobreviventes de violencia sexual.

A Corte Constitucional ademais argumenta que a **criminalización** do #AbortoPorViolación é inxustificable por:

**Non é idónea:**

A sanción penal non impide que as mulleres vítimas de violación aborten. A criminalización leva a moitas mulleres á clandestinidade con procedementos de alto risco que poñen en perigo a súa saúde, liberdade e vida.

**Non é necesaria:**

A interrupción voluntaria do embarazo en casos de violación sucede como consecuencia da existencia dun acto de violencia como un problema estrutural e multidimensional.

No caso de embarazo produto de violación, as medidas para evitar un aborto deben estar focalizadas en erradicar a violencia contra a muller, a prevención e sanción dos delitos de violencia sexual. Así como en fortalecer a educación sexual e desenvolver políticas integrais sobre saúde sexual e saúde reprodutiva para eliminar estereotipos de xénero. A penalización do aborto por violación, atenta contra a vida e a saúde integral da muller embarazada.

**Non é proporcional:**

A criminalización era desmedida e inxustificada. Só re vitimiza e afecta dereitos constitucionais das sobreviventes de violencia sexual. É dicir, non existe un equilibrio entre o sacrificio e o beneficio, ao non atopar na sanción unha medida disuasiva, non se xustifica o risco ao que se expón ás vítimas de violencia sexual que teñen xa limitado o exercicio da integridade persoal e a autonomía sexual e reprodutiva.

Ademais a Corte Constitucional dá algunhas pautas claves sobre a implementación da causal violación en Ecuador:

- **A sentenza ten efectos e aplicación inmediata. Dende o 29 de abril de 2021, non se poderá sancionar a ningunha muller ou profesional de saúde que interrompa un embarazo cando sexa produto de violación.**
- Establece que a definición de supostos técnicos e obxectivos para acceder a un #AbortoPorViolación correspóndelle á Asemblea Nacional.
- Mentres esta regulamentación non estea aprobada, a sentenza debe aplicarse dende a súa publicación no Rexistro Oficial. A sentenza indica: “a falta de regulamentación non poderá ser pretexto para incumplir esta sentenza, nin sancionar a mulle-



Emilia Palacios

res ou médicos que interrompan embarazos produto dunha violación”.

- Deberá aplicarse o principio de favorabilidade penal, a todos os procesos penais, mulleres xudicializadas por abortar cando houberen sido vítimas de violación. Isto quere dicir que, segundo a etapa procesal, podería declararse a inexistencia de delito, o arquivo da causa e a excarceración inmediata, e a eliminación de toda condena.
- Os seguintes pasos, unha vez que a Corte emitiu este fallo son:
- En dous meses a Defensoría do Pobo (DPE) debe elaborar un proxecto de lei coa sociedade civil para envío á Asemblea Nacional. A proposta que xere debe ser unha lei autónoma, non reformatoria do Código Orgánico Integral Penal, que garanta os dereitos das sobreviventes. Que criterios fixados na sentenza debe incorporar o proxecto?
    - Establece que non é necesaria unha sentenza condenatoria executoria.
    - En caso de nenas e adolescentes que non conten con autorización do seu representante legal, as autoridades competentes teñen a obriga de preservar os mecanismos axeitados e confidenciais para que se garante o acceso.
    - Debe considerar os estándares e parámetros do Dereito Internacional e o das organizacións e organismos internacionais.
    - Debe incorporar e asegurar atención, psicolóxica, legal e de traballo social inmediata, segura e digna para as sobreviventes de violencia sexual.
    - Debe contar cunha lexislación adecuada e implementar políticas públicas que aseguren a atención integral para as mulleres vítimas de violación que accedieron a un aborto.
- Cando a DPE entregue o proxecto de lei a Asemblea Nacional ten un máximo de 6 meses para coñecer e debater o proxecto. Ademais debe informar trimestralmente á Corte Constitucional sobre os avances na tramitación do mesmo. Mentres tanto, a sentenza aplícase de maneira inmediata dende o 29 de abril de 2021. 🇪🇺



# Transición enerxética e colonialismo

Punto de vista dende o norte de África

Hamza Hamouchene

Transnational Institute

Capitalismo verde: mega planta solar en Ouarzazate, en Marrocos, a máis grande do mundo, que subministra enerxía a Europa

**Os prezos do petróleo experimentaron unha caída sen precedente no ano 2020, o que ten conmocionado o sector dos combustibles fósiles**

O impacto foi brutal nas compañías petrolíferas, especialmente no sector do petróleo de esquisto estadounidense, cuxa extracción ten un alto custo. Tamén aumentou a presión económica dos países petrolíferos africanos, como Angola, Arxelia, Libia e Nixeria, que viron medrar o seu déficit orzamentario e sentiron a hemorraxia nas súas reservas de moeda estranxeira. Neste contexto, algúns analistas apresuráronse a especular que a pandemia podería acabar coa industria do petróleo e contribuír a salvar o medio ambiente. Non obstante, é preciso ser precavidos ante tales afirmacións eufóricas e tal optimismo.

En tempos de crise, se falamos en serio sobre trascender o petróleo, resulta crucial examinar con detenimento os vínculos entre os combustibles fósiles e a economía en xeral e abordar as relacións de poder e as xerarquías do sistema enerxético internacional. Estas relacións teñen as súas raíces nos legados coloniais e neocoloniais, así como en prácticas de desposuímento, saqueo de recursos e apropiación de terras, especialmente no Sur Global.

No imaxinario popular, cando falamos de enerxía falamos de carbón, petróleo e gas. A meirande parte destes recursos (especialmente os dous últimos) proceden do Sur. Á maneira de controlar e saquear estes recursos chámase-lle “extractivismo”. Púxose en marcha en 1492 coa conquista das Américas e foi estruturado mediante o colonialismo, a escravitude, a explotación e a violencia pura e dura. Na actualidade

continúa coa creación de “zonas de sacrificio” e en forma de guerras imperialistas e goberno militarista do mundo.

**As economías do Sur ocupan unha posición subordinada dentro da división profundamente inxusta do traballo global: por unha parte son proveedoras de recursos naturais baratos e son unha reserva de man de obra barata, por outra proporcionan un mercado ás economías industrializadas.** Esta situación foi imposta e configurada polo colonialismo, e os intentos para superala foron, ata agora, derrotados polas novas ferramentas de dominación imperial: a débeda paralizante, a relixión do “libre comercio” e os programas de axuste estrutural, entre outras. Boa parte disto contou co respaldo das elites nacionais parasitarias.

Estas ferramentas de dominación non só condenan os países do Sur global a un modelo económico orientado cara ao exterior –dirixido pola necesidade de responder ás demandas dos países ricos– senón que tamén limitan o espazo político para unha toma de decisións soberana, como o abandono dos combustibles fósiles. Un exemplo contundente é o Tratado da Carta da Enerxía, un perigoso acordo de investimentos que permite que a industria dos combustibles fósiles manteña o control dos recursos e que siga danando o planeta.

A agroindustria é outro dos xeitos en que se entrelazan a dominación imperialista e o cambio climático. É unha das principais causas deste úl-





Sublevación antifracking en Ain Salah, Alxeria

timo e, ademais, mantén moitos países do Sur global prisioneiros dun modelo agrario insostible e destrutivo. Este modelo baséase na exportación de cultivos comerciais e o esgotamento do solo e dos escasos recursos hídricos de rexións áridas e semiáridas como Exipto e Marrocos.

Aínda que algúns gobernos occidentais presuman de protexer o medio ambiente por prohibir o *fracking* dentro das súas fronteiras e por formular obxectivos de redución de emisións de carbono, iso non lles impide apoiar decididamente as multinacionais que traballan xacementos de gas de esquisto nas súas antigas colonias, como fixo Francia con Total en Arxelia. Desprazar os custos dunha industria tan destrutiva do Norte ao Sur é unha estratexia do capital imperialista, na que o racismo medioambiental se une ao colonialismo enerxético.

A transición ás enerxías renovables pode ser de carácter extractivista. Dous exemplos do norte de África amosan a maneira na que o colonialismo enerxético se reproduce en forma de “acaparamento verde”. A planta solar de Uarazat (Marrocos) empezou a funcionar en 2016 e publicitouse como a maior do mundo. Pero se buscamos baixo a superficie obteremos un panorama máis sombrío. En primeiro lugar, a planta instalouse en terras de comunidades agropastoriles bereberes sen a súa aprobación nin consentimento. En segundo lugar, este megaproxecto está baixo control de intereses privados e foi financiado mediante unha débeda que ascende a 9.000 millóns de dólares. En terceiro lugar, o proxecto non é tan “verde” como afirman os seus promotores, pois require un uso exhaustivo de auga para o arrefriamento e limpeza dos paneis solares. Nunha rexión semiárida como Uarazat, desviar a auga do seu uso doméstico e agrícola pode ser fatal para a poboación local.

O mesmo ocorre co Proxecto Solar Tunur, en Túnez, que produce enerxía barata para Europa Occidental e priva os tunecinos dela. Plans coloniais do mesmo estilo estanse despregando diante dos nosos ollos mediante un fluxo sen restricións de recursos naturais baratos (incluíndo a enerxía solar) do Sur ao Norte, mentres Europa Occidental se fortifica para evitar que outros seres humanos alcancen as súas costas.

**Unha transición verde e xusta debe transformar e descolonizar de maneira radical o noso sistema económico global, inadecuado dende o punto de vista social, ecolóxico e mesmo biolóxico. Tamén require unha revisión das pautas de produción e consumo intensivas en enerxía e profundamente derrochadoras, especialmente no Norte global.**

Temos que superar a lóxica imperial e racializada da externalización dos custos que, se non cambia, só xerará colonialismo verde e un maior extractivismo e explotación (da natureza e a man de obra), co fin de atinxir uns obxectivos supostamente verdes.

A loita pola xustiza climática e unha transición xusta precisa recoñecer as diferentes responsabilidades e vulnerabilidades do Norte e do Sur. Deben pagarse reparacións ecolóxicas e climatolóxicas aos países do Sur que son os máis castigados polo cambio climático e foron condenados a un extractivismo predador polo capitalismo global.

Nun contexto global de loita imperial pola influencia e os recursos enerxéticos, o discurso sobre a sostibilidade e unha transición verde non debe servir para embelecere prácticas neocoloniais de saqueo e dominación. 🌍🔥

Publicación orixinal en *Africa is a country*.

Traducido para Rebelión por Paco Muñoz de Bustillo



# Reducir o impacto das instalacións renovables



Alianza polo Clima

*A despregadura de enerxías renovables en España está a ser determinante para a mitigación do cambio climático. Só unha desas tecnoloxías, a eólica, evitou nos últimos 20 anos máis de 400 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, que supón moito máis do total das emisións anuais do noso país*

A penetración das renovables no período máis recente fixo que as emisións de CO<sub>2</sub> do sistema eléctrico se reduciran un 28,7 % en 2019 respecto de 2018 e un 27,8 % en 2020 respecto do ano anterior.

Para avanzar na descarbonización do sector eléctrico o obxectivo que se propón o PNIEC é chegar a un 74 % de xeración renovable en 2030, que significa engadir 29.000 MW de fotovoltaica e 20.000 MW de eólica, ademais dunha potencia menor de outras tecnoloxías. Estes obxectivos, enmarcados nun contexto de aumento de ambición por parte do conxunto da Unión Europea, son só o primeiro paso da necesaria e progresiva aceleración da transición ecolóxica que hai que desenvolver, xa que de acordo coas recomendacións do Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), seguen sendo necesarias máis medidas para que as emisións globais de gases de efecto invernadoiro se reduzan nun 7,6 % cada ano, se non queremos que a temperatura global se eleve por riba dos 1,5°. Así pois, fai falta descarbonizar as emisións do sector eléctrico máis drasticamente e máis rápido.

Porén, Alianza polo Clima, que é unha plataforma de organizacións con moi diferentes sensibilidades de tipo ecoloxista, sindical, rural, agraria ou social, está seriamente preocupada pola maneira en que se está a producir en España este desenvolvemento. Un número crecente de plantas fotovoltaicas e de parques eólicos están

tendo un notable impacto sobre a biodiversidade e sobre o uso do territorio que o procedemento de avaliación de impacto ambiental non puido evitar. De feito, **a comunidade científica xa alertou do grave risco que corre a biodiversidade se a despregadura de renovables prevista no PNIEC se leva a cabo como ata agora, sen unha axeitada planificación e avaliación do seu impacto.**

Ademais, e durante anos, o marco normativo de desenvolvemento destas tecnoloxías, a diferenza do que ocorre noutros países europeos, beneficiou que a despregadura sexa capitalizada por grandes empresas enerxéticas e fondos de investimento, penalizando a proxectos de menor envergadura e, sobre todo, a iniciativas promovidas pola propia cidadanía ou os actores institucionais. O resultado é o desenvolvemento dun modelo moi centralizado e de maior impacto que limita as posibilidades de avanzar cara un sistema eléctrico máis distribuído, máis coidadoso co territorio, o mundo rural e a biodiversidade e con maior implicación cidadá.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico dispón de competencias para desenvolver diferentes regulamentos normativos e para a adopción de determinadas medidas que eviten ou minimicen os problemas sinalados. Nese sentido Alianza polo Clima propón ao Ministerio que tome as seguintes medidas de forma urxente:





- Modificar a orde ministerial que regula o mecanismo de subastas de nova potencia de enerxías renovables reservando al menos un 50 % nas novas subastas para proxectos de menos de 10 MW. Adicionalmente deberían establecerse nelas criterios de condicionalidade priorizando proxectos en zonas de baixa sensibilidade, de repotenciación e de hibridación.
- Fixar un obxectivo moi ambicioso de autoconsumo na Estratexia Nacional de Autoconsumo que se está a elaborar, corrixir a recente normativa en relación cos coeficientes dinámicos para o autoconsumo colectivo e asegurar a despregadura das Comunidades de Enerxía.
- Aprobar, en colaboración coas comunidades autónomas, unha guía para evitar que os promotores poidan fragmentar os proxectos co obxectivo de sortear a tramitación por parte da Administración Xeral do Estado e vixiar que non haxa proxectos que se estean tramitando de maneira fraccionada e, no seu caso, reclamar a tramitación da súa avaliación ambiental.
- Que a zonificación da sensibilidade ambiental do territorio que creou no seu xeoportall constitúa un factor discriminatorio para os proxectos de grandes instalacións que tramite o ministerio e non unha simple recomendación para os promotores. **Esta zonificación debe identificar as zonas de sensibilidade e exclusión pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos, así como sobre outros valores ambientais e territoriais, e incluír tamén as renovables marinas.**
- Aprobar unha norma ambiental para a implantación dos proxectos de enerxías renovables, establecendo unha gradación para a súa implantación primeiro en zonas de baixa sensibilidade, segundo a cartografía do Ministerio e das comunidades autónomas e en función da tipoloxía de solos.
- Asegurar na Planificación da Rede de Electricidade que se están elaborando suficientes puntos de conexión para a evacuación de instalacións renovables en zonas de baixa sensibilidade.
- Dar prioridade, en relación cos sistemas de financiamento público de enerxías renovables, ao financiamento dos proxectos situados en zonas de baixa sensibilidade e que impulsen a participación cidadá a través de comunidades enerxéticas.
- Elaborar unhas directrices para orientar as comunidades autónomas na planificación territorial que realicen, en relación coa delimitación de zonas excluibles e prioritizables para a implantación das distintas enerxías renovables, dende o punto de vista ambiental e dos sistemas agrarios. 🧑🏫

Alianza polo Clima, da que forma parte EntrePobos, é unha plataforma de organizacións sociais de ámbito estatal que dende 2015 desenvolven iniciativas e actividades enfocadas á mitigación e adaptación ao cambio climático, integrada, entre moitas outras, polas grandes organizacións ecoloxistas (WWF, SEO/BirdLife, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace e Amigos da Terra), os sindicatos máis representativos (CCOO, UXT, USO), as organizacións agrarias (UPA, COAG), a Coordinadora de ONGD, Fundación Renovables, Plataforma por un Novo Modelo Enerxético, Fridays For Future (FFF)/Xuventude polo Clima, ECODES, ATTAC, CECU, ASGECO, OCU, Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, Asociación Española de Educación Ambiental, Rede Española de Desenvolvemento Rural, Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica.





## Unha viaxe... pola vida

César Apesteguía

Área Cooperación Entrepobos

*O pasado 5 de outubro de 2020, @s zapatistas anunciaron que decidiran viaxar a Europa, como primeira etapa dun traxecto que os levará polos cinco continentes, coa idea de “realizar encontros, diálogos, intercambios de ideas, experiencias, análises e colaboracións entre os que nos atopamos empeñados na loita pola Vida”*

A Delegación Zapatista estará composta por 160 persoas, a maioría mulleres, e virá acompañada doutra delegación do Congreso Nacional Indíxena (CNI) e da Fronte de Defensa da Terra e a Auga de Morelos, Puebla e Tlaxcala (FPDTAMPT).

Tal como din os zapatistas no comunicado do comité clandestino revolucionario indíxena-comandancia xeral do exército zapatista de liberación nacional. “Sexta parte: unha montaña en alta mar”, os pobos orixinais de raíz maia e zapatistas miraron, escoitaron e sentiron que o mundo está enfermo; danado na súa vida social, fragmentado en millóns de persoas alleas entre si, empeñadas na súa supervivencia individual, pero unidas baixo a opresión dun sistema disposto a todo para saciar a súa sede de ganancias, así e todo sendo claro que o seu camiño vai en contra da existencia do planeta Terra.

Eles din que observaron e escoitaron a natureza ferida de morte e que, na súa agonía, advirte á humanidade que o peor está aínda por vir. Cada catástrofe “natural” anuncia a seguinte e esquece, convenientemente, que é a acción dun sistema humano a que a provoca.

Teñen visto e escoitado os poderosos repre- gándose e agochándose nos chamados Estados

Nacionais e os seus muros. E, nese imposible salto cara atrás, reviven nacionalismos fascistas, chauvinismos ridículos e un palabrerío enordecedor. Nisto advirten as guerras por chegar, as que se alimentan de historias falsas, ocas, mentideiras e que traducen nacionalidades e razas en supremacías que se imporán pola vía da morte e a destrución.

Dinnos que a Pandemia da COVID 19 non só amosou as vulnerabilidades do ser humano, tamén a codicia e estupidez dos distintos gobernos nacionais e as súas supostas oposicións. Medidas do máis elemental sentido común foron desprezadas, apostando sempre a que a Pandemia sería de curta duración. Cando o paso da enfermidade foise facendo cada vez máis dilatado, empezaron os números a substituír traxedias. A morte converteuse así nunha cifra que se perde a diario entre escándalos e declaracións. Unha comparativa tétrica entre nacionalismos ridículos. A porcentaxe de tantos e de carreiras limpas que determina que equipo, ou nación, é mellor ou peor.

**Pero tamén escoitaron e viron as resistencias e rebeldías que, non por silenciadas ou esquecidas, deixan de ser claves, pistas dunha humanidade que se nega a seguir o sistema no seu apresurado paso cara o**



**colapso. Rebeldías e resistencias que nos amosan que, se os de enriba rompen as pontes e pechan as fronteiras, queda navegar ríos e mares para atoparnos.** Que a cura, se é que a hai, é mundial, e ten a cor da terra, do traballo que vive e morre en rúas e barrios, en mares e ceos, nos montes e nas súas entrañas. Que, como o millo orixinario, moitas son as súas cores, as súas tonalidades e sons.

As e os zapatistas xa viviron todo isto na súa propia pel cando, como consecuencia da sinatura do Tratado de Libre Comercio entre os gobernos de México, Canadá e os Estados Unidos, viron chegar o seu propio exterminio e a destrución da terra na que viviran dende había miles de anos.

O 1 de xaneiro de 1994 as comunidades zapatistas alzáronse para dicir Basta!, baixando dos vales para recuperar o Bo Goberno nas Cidades e nas vilas do seu país, aprendendo a vivir fóra do Mal Goberno que os tivera sometidos ata entón. Hai 27 anos do inicio da Revolución Zapatista e conseguiron, aprendendo de cada experiencia, manter libre o seu país da inxerencia exterior depredadora, mellorando a vida das súas Comunidades. Estableceron vínculos cos outros grupos de indíxenas que sofren a mesma situación, conectando con moita xente de todo o planeta e coa loita pola defensa da Vida fronte ao capitalismo de exterminio.

Por todo isto decidiron que é tempo, máis unha vez, para que bailen os corazóns, e que non sexan nin a súa música nin os seus pasos, os do lamento e a resignación, por iso diversas delegacións zapatistas, homes, mulleres e outras da cor da terra, están saíndo a percorrer o mundo, navegando ata terras, mares e ceos remotos, buscando non a diferenza, non a superioridade, non a aldraxe, moito menos o perdón e a lástima. E o primeiro destino desta viaxe planetaria será o continente europeo.

**Queren facer unha “invasión consensuada”, é dicir, que haxa un acordo de que imos ser invadidos e, polo tanto, non van ir a onde non teñan sido convidados. Esta invasión comezará polo Estado Español, onde se espera que o “Escuadrón 421” chegue ao porto de Vigo a mediados de xuño no barco “La Montaña”. Queren chegar a Madrid, o 13 de agosto do 2021, 500 anos despois da suposta conquista do que hoxe é México. Para dicir que non foron conquistados e que seguen en resistencia e rebeldía.**

O “Escuadrón 421” recibe este nome porque está conformado por catro mulleres, dous homes e unha persoa que non se identifica nin como home nin como muller, as sete persoas son mexicanas e descendentes dos maias, que “comparten dolores e rabias con outros pobos orixinarios desta beira do océano”; son Lupita, de 19 anos; Carolina, de 26; Ximena, de 25; Yuli, de 37; Bernal, de 57; Darío, de 47 e Marijose, de 39.

As e os que compartimos estas mesmas preocupacións e loitas similares, todas as persoas honestas e todos os *abaixos* que se rebelan e resisten nos moitos recunchos do mundo temos enviado cartas de invitación e estamos preparando encontros, diálogos, intercambios de ideas, experiencias, análises e valoracións, dende diferentes concepcións e en diferentes terreos.

Dende EntrePobos participamos en diferentes coordinacións locais en distintas cidades do estado español, onde os colectivos se están a organizar para acoller a xira zapatista, a nosa participación é a través destas organizacións territoriais que se están coordinando para a xira e sumarémonos ás actividades que se organicen nalgúns dos territorios, polo momento estanse formando comisións de axenda política, feminista, de comunicación, de finanzas, de

actividades previas, para dar a coñecer a xira e preparar as diferentes actividades, tamén hai coordinacións a nivel europeo e dos distintos territorios para intentar coordinarnos.

O vínculo de EntrePobos co zapatismo vén de antigo, é diverso, temos colaborado con solidariedade con Chiapas dende o ano 94, pero nos últimos anos centrouse sobre todo no acompañamento a CIDECI-Unitierra, con quen vimos executando proxectos de cooperación dende hai case 20 anos. Neste tempo temos apoiado a estratexia de traballo de CIDECI-Unitierra en Educación e o Poder Local, de apoio aos/ás mozos/as indíxenas, ás comunidades das que proceden e ás organizacións que loitan polo recoñecemento dos pobos indíxenas como suxeitos do seu propio proceso de desenvolvemento.

O CIDECI-Unitierra empezou o seu camiñar principalmente como centro alternativo de capacitación para a mocidade indíxena (mulleres e homes) de comunidades e colectivos organizados. Porén, ademais deste compoñente de educación técnica, a misión marcada polo CIDECI de “contribuír a fortalecer a capacidade de resistencia e sobrevivencia das nosas comunidades e pobos, a previr e enfrontar, interculturalmente, os desastres que o sistema actual xera e a construír unha alternativa de esperanza dende os reclamos e esixencias de xustiza e liberdade do Sur Profundo”, foi levada á práctica de múltiples maneiras ao longo destas dúas décadas de traballo. Nos últimos anos materializouse, entre outras, en forma de asesorías de todo tipo a comunidades e organizacións da sociedade civil.

O CIDECI-Unitierra brinda apoio a organizacións e comunidades que necesiten un espazo seguro e de confianza para realizar as súas actividades. Nas súas instalacións lévanse a cabo actividades organizativas e formativas, conferencias, seminarios, presentacións de libros, asembleas, reunións de organizacións. Nos últimos anos, o CIDECI-Unitierra acolleu importantes eventos internacionais. En agosto de 2013 deuse comezo á *Escuelita*, “A liberdade segundo @s Zapatistas”. Esta iniciativa, froito de meses de preparación interna, tiña como obxectivo compartir coa sociedade civil nacional e internacional a experiencia zapatista, a súa maneira de autogobernarse e o funcionamento dos seus sistemas de educación, saúde e xustiza. Dende entón, a actividade no CIDECI foi intensa, realizáronse nas instalacións de CIDECI diferentes eventos de alcance internacional, como o Festival mundial das resistencias e as rebeldías, o Seminario “O Pensamento Crítico fronte á Hidra Capitalista”, convocado por CIDECI-Unitierra e a Comisión Sexta do EZLN, o Encontro “@s zapatistas e as ConCiencias pola Humanidade”, o Festival de Cine “Puy ta Jkuxlejaltik” ou a Cuarta Asemblea Nacional entre o CIG e os pobos que integran o Congreso Nacional Indíxena (CNI). Todo isto levou a que en 2019 o CIDECI se convertese no Centro de Resistencia Autónoma e Rebeldía Zapatista: Caracol VII “Jacinto Canek”.

Aínda non sabemos cantas delegacións zapatistas chegarán despois do desembarco de “La Montaña”, pero dende as nosas xeografías, territorios e espazos, estámolos esperando para atoparnos nestas terras que non son só as do capital salvaxe e transnacional, senón que é o lugar dende o que loitamos, dende abaixo e á esquerda, para conseguir que a vida, e polo tanto, o mundo, sexa un lugar digno onde vivir.

Dende os nosos territorios e pequenos espazos de loita, esperamos con impaciencia a chegada dos e das zapatistas, portador@s do virus da resistencia e a rebeldía, como eles mesmos din, nesta viaxe pola vida na que confiamos en que se rompan as fronteiras, visibles e simbólicas. 🧡





# Guía didáctica 'Emerxencia climática'

Natàlia Riera

Área de Educación de Entrepobos

**Proposta pedagóxica elaborada por Entrepobos e Edualter para abordar a emerxencia climática dende a complexidade, a partir de diversas linguaxes e miradas, procurando transversalizar a temática nos diferentes ámbitos e esferas da vida**

A proposta didáctica está enfocada ao alumnado de segundo ciclo da ESO e de Bacharelato. **Concrétase en 8 propostas pedagóxicas, que mediante actividades e recursos busca transversalizar a temática nos diversos ámbitos da vida para que tamén se poida despregar como proceso integral que permita traballar competencias curriculares de diversas áreas, e non exclusivamente dende as áreas científicas.**

Xunto coas propostas educativas desenvólvense consideracións metodolóxicas, co obxectivo de que poida ofrecer ferramentas e itinerarios diversos que impulsen estratexias dende a comunidade educativa ampliada como parte do proceso local e global que permita traballar competencias curriculares orientadas cara a transformación ecosocial, xusta, inclusiva e feminista.

Destacamos que para a elaboración da guía temos contado coa revisión e aportacións de Carmen Sala e José Antonio Antón, activistas de Entrepobos, así como docentes do Grupo de Traballo EduGlobalStem a través de Edualter. Tamén queremos destacar especialmente a implicación dende o inicio do proceso de mozos e mozas de Fridays For Future Barcelona. Este traballo colectivo permitiunos engadir solidez á proposta pedagóxica.

Neste proceso de construción colectiva estamos traballando actualmente nun complemento a esta unidade didáctica dirixida a profesionais

docentes, que poremos en práctica do 5 ao 9 de xullo na Escola de Verán Rosa Sensat. Material complementario froito deste proceso e dende as aprendizaxes da súa posta en práctica, que incorporaremos, coas adaptacións que correspondan, a este material inicial.

A Unidade Didáctica *Emerxencia Climática* pódese descargar no espazo de [publicacións de la web de Entrepueblos](#) e traballala en centros educativos de secundaria, educación de adultos, ciclos formativos, ámbitos de educación informal, colectivos, etc. Aborda unha serie de temáticas a través de propostas metodolóxicas, actividades e materiais complementarios, no caso de que se queira profundizar, que son adaptables ao espazo-tempo, así como ao público ao que nos imos dirixindo e acompañando (alumnado, profesorado, vinculados a movementos ou grupos climáticos e sociais, que traballen pola xustiza global: social, climática, ambiental, de coidados, ...).

Do 22 de marzo ao 30 de abril Entrepobos e Edualter realizamos unha proba piloto, poñéndoa en práctica con alumnos e alumnas de cuarto de ESO do Instituto *Quatre Cantons* do barrio de Poble Nou en Barcelona, paralelamente á finalización da edición e maquetación da unidade didáctica.

Esta guía pedagóxica pretende colaborar nesta transformación cultural que debemos realizar como sociedade, e facémolo co firme convencemento de que a educación é das ferramentas







con maior potencial. Coa modesta pretensión de que sexa de utilidade para facer unha abordaxe integral da temática nas aulas.

De maneira indirecta, tamén se pretende que un dos resultados de levar á aula o conxunto das actividades que propoñemos, sexa fortalecer o movemento xuvenil e do estudiantado comprometido coa xustiza climática. Trátase claramente de fomentar a mobilización cara a acción, a asunción de compromisos individuais e o aumento da percepción de corresponsabilidade coa temática, tendo presente tanto o máis micro, a partir da propia cotiandade, como o macro a partir da comprensión das dinámicas globais, os acordos internacionais e os compromisos políticos existentes, para poder articular accións e incidencias contextualizadas e coherentes.

O posicionamento pedagóxico da proposta didáctica enmárcase nunha educación para a xustiza global, entendida dende enfoques da emancipación, os feminismos e a *decolonialidade*, convocando outros coñecementos e saberes, aqueles que se negaron dentro dos procesos académicos e dende a historia occidental.

**Por iso, ao longo do percorrido da guía priorízanse os “como” antes que os “que”, apostando por poñer a atención nos procesos. Preténdese abordar a temática dende a complexidade e non coa idea de transmitir un coñecemento na súa totalidade, senón dende as fendas, dende as dúbidas e dende as contradicións, asumíndose como seres emocionais e vulnerables, e poñendo conciencia na nosa existencia de ecodpendencia e interdependencia.**

En definitiva, abordamos a temática dende a perspectiva de xustiza climática; incorporando as miradas individual - sistémica, do norte e sur global, cuestionando o modelo socioeconómico, aportando alternativas.

Se queres contactar para maior información, asesoramento e/ ou para que participemos nalgún proceso pódemos escribir a:

EntrePobos: [educacion@entrepueblos.org](mailto:educacion@entrepueblos.org)

Edualter: [edualter@pangea.org](mailto:edualter@pangea.org)



# 'A Rede da Vida'. Historias de resistencia en defensa dos nosos corpos e territorios

Clara Ruiz

Área Cooperación Entrepobos



*Ser defensoras do territorio  
corpo-terra transportounos a  
outra dimensión que cambiaría  
as nosas vidas de maneira  
permanente*

**Lorena Kab'nal**

#### FICHA TÉCNICA

**DURACIÓN:** 68 minutos

**PAÍS DE PRODUCCIÓN:** España, Perú, Guatemala

**CATEGORÍA:** Documental

**DATA DE PRODUCCIÓN:** 2019-2020

Un documental de La Cosecha  
e Entrepobos/Entrepueblos/ Entrepobos/Herriarte

*Antonia, Lolita,  
María, Vivian,  
Paula, Delia,  
son os nomes  
dalgunhas das  
mulleres que dende  
Perú, Guatemala  
e o estado español,  
protagonizan  
experiencias de loita  
en defensa da vida*

**A** Rede da Vida é un documental que entretace as súas historias e os seus testemuños. Mulleres que en diferentes territorios do mundo, poñen o seu corpo en defensa do dereito a unha vivenda digna, á auga e aos bens comúns, á mobilidade humana, á liberdade de expresión.

Fronte ao despoxo e a privatización dos bens comúns, o extractivismo, a xentrificación e o patriarcado, que violentan as súas vidas, os seus corpos e a súa contorna, as diferentes experiencias de resistencia dialogan entre si, construíndo un fio común de esperanza. Á súa vez, déixannos unha poderosa mensaxe: debemos coidarnos e sandarnos individual e colectivamente, porque "cando sandas ti, sando eu, cando sando eu, sandas ti".

**Tamén nos fan unha chamada a adherirse a todas as loitas das mulleres na súa diversidade. Recoñecéndonos diversas, si, pero sabendo que temos axendas comúns**

**que nos conforman, que dan sentido ás nosas vidas.** A Rede da Vida interpélanos para que esteamos alerta e na defensa dos nosos dereitos, articuladas nas nosas diversidades e nas nosas diferenzas, pero nunha soa fronte, para que estes fundamentalismos relixiosos, económicos, este sistema colonial non siga sometendo os nosos corpos, non siga contralando territorios. E para iso temos que estar organizadas, unidas, e con ganas de defender os nosos corpos e territorios con afecto, con alegría e con esperanza.

Nun contexto no que a crise sistémica nos atravesa, pondo en evidencia o que realmente é esencial para a vida, o rol das mulleres na historia e as súas propostas de transformación, constitúen un aporte imprescindible para construír alternativas que poñan os dereitos e as necesidades das persoas como obxectivo central para conseguir unha vida digna de ser vivida por quen habitamos este planeta. 🧠🗣️



# Quen matou a Berta Cáceres?



*En colaboración coa editorial Icaria, Entrepobos promoveu a edición en castelán do libro da xornalista de 'The Guardian' Nina Lakhani 'Who killed Berta Cáceres?', cuxa edición en inglés publicouse en xuño de 2020. Lakhani acompañou a Berta Cáceres durante anos de loitas e ameazas e foi a única xornalista estranxeira presente no xuízo de 2018. De acordo co movemento de solidariedade con Honduras vimos o interese de dar a coñecer este libro ao público de fala castelá. Presentámonos un resumo da recensión que fixo Julia Zulver en Open Democracy.*

**E**n 2015, a activista hondureña Berta Cáceres gañou o Premio Goldman, o de máis alta honra internacional que se pode outorgar a un defensor do medio ambiente. Cando un investigador do comité do premio a visitou en Tegucigalpa, Berta preguntoulle que pasaría se ela morrese antes de recibir o diñeiro do premio, unha pregunta que ningún premiado fixera antes.

**Quen matou a Berta Cáceres? segue a vida e a morte dunha defensora do medio ambiente que contribuíu á reactivación dos movementos sociais de Honduras. A investigación documenta a participación de Cáceres no FMLN en O Salvador, a súa resistencia contra as reformas neoliberais e a súa protesta polo golpe de Estado de 2009 contra o ex presidente Zelaya.**

O libro de Lakhani desata meticulosamente un nudo gordiano de corrupción. Detalla a participación das elites económicas hondureñas, institucións internacionais como o Grupo do Banco Mundial, políticos de alto rango, violentos traficantes de drogas e sicarios, e o exército dos Estados Unidos, en tratos turbios que consolidan o poder e o diñeiro en mans duns poucos.

A loita de Cáceres polo territorio da súa comunidade implicaba necesariamente loitar contra estes poderosos actores.

De feito, como un entrevistado lle dixo a Lakhani: "Berta era inaceptable para as elites cuxo poder desafiaba."

O libro está escrito con esmero; a reportaxe de Lakhani inclúe as voces dun longo elenco de personaxes, dende unha *campesíña viúva* ata o presidente derrocado Manuel Zelaya, pasando polos amigos e colegas activistas de Berta, e os homes acusados do seu asasinato.

É importante destacar que o libro non se centra en Cáceres en canto á súa singular identidade como defensora do medio ambiente. Máis ben, Lakhani ten claro que a súa posición como muller e como indíxena foi un factor importante no seu asasinato. A pesar das ameazas de morte e o acoso sexual, Cáceres negouse a gardar silencio. Nun país gobernado polas regras do machismo, esta non é unha maneira aceptable de comportarse para unha muller, levando a unha das súas amigas máis achegadas a categorizar o seu asasinato como un "feminicidio político".

Ao subir ao estrado despois do xuízo, as fillas de Berta Cáceres destacan como segue a loita da súa nai e como nos corresponde a todas continuar a loita de Berta por un mundo máis verdadeiro, xusto e digno. Ao escribir este libro, Lakhani ten contribuído significativamente a este obxectivo.

*Julia Zulver*



## PODES ATOPARNOS EN

### ANDALUCÍA

■ C/ José M<sup>a</sup> Moreno Galván, 18, Bl.K - 2<sup>o</sup> B  
41003 Sevilla · T. 616 564 551

✉ ep.andalucia@entrepueblos.org

📘 Entrepueblos Andalucía

### ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepueblos.org

### CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalmancha@entrepueblos.org

### CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepueblos.org

✉ ep.burgos@entrepueblos.org

✉ ep.zamora@entrepueblos.org

✉ ep.cyl@entrepueblos.org

✉ ep.palencia@entrepueblos.org

🌐 entrepueblosvalladolid.wordpress.com

📘 entrepueblosencastillayleon

🐦 @EntrepueblosV

### CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona

■ C/ Raiers 13 · 25500 La Poble de Segur  
(Lleida)

■ Av. Meridiana 32, ent. 2<sup>a</sup> (esc. B)  
08018 Barcelona

✉ penedes@entrepueblos.org

🌐 entrepoblespenedes.wordpress.com

🌐 entrepoblesbarcelona.wordpress.com

@EntrePobles\_Tgn

📘 EntrePobles-Camp-de-Tarragona

📘 EntrepoblesPenedes

### COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepueblos.org

📘 EntrepueblosMadrid

### EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@gmail.com

### ILLES BALEARS

■ C/ Carme, 6 · 07701 Maó (Menorca)

✉ mallorca@entrepueblos.org

📘 EntrePobles-Mallorca

### LA RIOJA

■ Apdo. 1.327 · 26080 Logroño

### PAÍS VALENCIÀ

■ C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi

■ C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer

■ Paratge Sant Josep. C. Pipa 7  
12600 Vall d'Uixó (Castelló)

■ C/ Lepant 7 · 03201 Elx

✉ paisvalencia@entrepueblos.org

✉ alacant@entrepueblos.org

🌐 entrepoblesalacant.wordpress.com

📘 EntrepoblesPaisValencia

### REXIÓN DE MURCIA

✉ marcuba3@gmail.com

## CONTRIBUCIONES ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

## EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

### Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apellidos .....

NIF \* .....

Data de nacemento .....

Enderezo .....

C.P. .... Poboación .....

Teléfono .... Profesión .....

E-mail .....

Cota anual ..... 75 € ó ..... €

Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.

EntrePobos recomienda fixala no 0,7% do salario.

### Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa .....

NUMERO DE CUENTA - IBAN													
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA									

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG **EntrePobos** les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apellidos .....

Enderezo .....

C.P. .... Poboación .....

Sinatura

\*NIF indispensable para a dedución do IRPF

Aviso legal: De acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD")*, a Asociación Entrepueblos/EntrePobos/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socio/a e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Avda. Meridiana 30-32, entl. 2o B · 08018 Barcelona)